



Transcurrido o prazo indicado sen que se realizase este trámite, procederase mediante Resolución da Alcaldía a declarar caducada a inscripción, e acordarase a baixa no Padrón de Habitantes ó día seguinte a aquel no que remate o prazo de exposición.

### *RELACIÓN QUE SE CITA*

1.—MARIA DEL CARMEN OGANDO HERRERA. con Pasaporte P038608971

Campo Lameiro, a 21 de outubro de 2013.—O Alcalde-P., Julio G. Sayáns Bugallo.

2013010007

### A N U N C I O

Ó non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio do REGULAMENTO PARA O REPARTO DOS EXCEDENTES DE ALIMENTOS DA UNIÓN EUROPEA NO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, ORDENANZA FISCAL QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA NO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, cuxo texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento e en cumplimento do disposto no artigo 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril reguladora das bases do réxime local.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e 107.3 da Lei 30/92, do Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados únicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo, ante a Súa correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

### **REGULAMENTO PARA O REPARTO DOS EXCEDENTES DE ALIMENTOS DA UNIÓN EUROPEA NO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

De acordo cos artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril de bases de réxime local e 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, os Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar certos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da comunidade veciñal.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril e 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo atribúen aos Concellos competencias en materia de prestación de servizos sociais e na promoción e reinserción sociais.

O banco de alimentos é unha iniciativa promovida pola Cruz Vermella pola cal se achegan produtos de primeira necesidades aos Concellos procedentes dos excedentes da Unión Europea, co obxectivo de que estes efectúen un reparto xusto e solidario entre os habitantes cunha peor situación socioeconómica dentro do termo municipal.

A finalidade deste Regulamento é establecer un marco normativo que dea lugar a un reparto xusto e equitativo dos alimentos en función das necesidades de cada unidade familiar e o de evitar situacións de discriminación que, doutro xeito, poderían producirse.

Por tanto, en virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos Municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexítima o exercicio de competencias en materia de prestación de servizos sociais e na promoción e reinserción sociais, dítase



o presente Regulamento previa observancia da tramitación establecida ao efecto polo artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

### 1. DEFINICIÓN

O Concello de Campo Lameiro, en función dos excedentes recibidos da Unión Europea e distribuídos a través do banco de alimentos da Cruz Vermella, convocará anualmente un reparto de alimentos entre as persoas que cumpran os requisitos establecidos neste Regulamento para ser persoas beneficiarias.

A axuda convocada consistirá na entrega dun lote de alimentos de composición variable, en función da composición de cada unidade familiar.

O número de familias beneficiarias estará limitado en relación coa cantidade concedida á entidade distribuidora.

### 2. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios desta axuda as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroad/a no Concello de Campo Lameiro
- Ser maior de 18 anos
- Carecer de ingresos económicos suficientes.

Consideraranse ingresos económicos todos aqueles obtidos pola suma de todos os membros da unidade familiar de convivencia en concepto de salarios, rendas, pensións e prestacións económicas.

A efectos de cómputo teranse en conta os ingresos dos que dispoña a unidade familiar dentro do trimestre anterior á presentación da solicitude de axuda.

A base de ingresos necesaria para percepción da axuda non poderá superar a contía do 80 % do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) para unha persoa, incrementándose o 40% por cada membro adicional da unidade familiar de convivencia a partir do segundo:

Nº DE MEMBROS	INGRESOS MENSUAIS	Nº DE MEMBROS	INGRESOS MENSUAIS
01	426 €	06	1.491 €
02	639 €	07	1.704 €
03	852 €	08	1.917 €
04	1.065 €	09	2.130 €
05	1.278 €	10	2.343 €

Detraeranse do cómputo de ingresos os seguintes gastos:

- Aqueles destinados a satisfacer a renda do aluguer e os consistentes en sufragar unha vivenda en réxime de propiedade.
- O importe do complemento nos casos de unidades familiares que teñan recoñecido o complemento de axuda a terceira persoa con minusvalía.

### 3. SOLICITUDES

As persoas interesadas en acollerse aos beneficios destas axudas solicitarano a través de instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Campo Lameiro presentada no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera medio establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, dentro do ano natural dende a publicación do anuncio da súa convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello.

As solicitudes presentadas que se cubrirán no modelo normalizado facilitado polo Concello deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do solicitante
- Fotocopia do libro de familia



- Certificado de convivencia
- Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar de convivencia. No caso de que os ingresos non sexan estables, calcularase a media sobre os obtidos no último trimestre.
- Xustificador de pagamento de aluguer ou de crédito hipotecario.

#### 4. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos requirirase ao interesado para que, dentro do prazo de quince días, emende a falla ou acompañe os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución.

Con posterioridade o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Campo Lameiro realizará a avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos seguintes criterios de prioridade:

1. Rendas familiares más baixas.
2. Menores ou persoas con discapacidade ou dependencia recoñecida a cargo.
3. Carecer de ingresos económicos estables.

O número de familias beneficiarias dos alimentos verase limitado en relación coa cantidade concedida á entidade distribuidora.

Esta axuda é incompatible con outras axudas das mesmas características prestadas por outros organismos ou asociacións sen ánimo de lucro.

#### 5. RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

Intruído o expediente o Departamento de Servizos Sociais elaborará o correspondente informe elevando a proposta de concesión das axudas á alcaldía, quien resolverá o procedemento.

#### *DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR*

Este Regulamento entrará en vigor aos quince días hábiles seguintes ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### **ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**

#### *EXPOSICIÓN E MOTIVOS CAPÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS*

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Ámbito de aplicación.
- Artigo 3. Interpretación.
- Artigo 4. Competencias.
- Artigo 5. Natureza, definición e obxectivos do servizo.
- Artigo 6. Contido do servizo.
- Artigo 7. Persoas destinatarias.
- Artigo 8. Dereitos das persoas usuarias.
- Artigo 9. Deberes das persoas usuarias.
- Artigo 10. Causas de extinción e modificación do servizo.
- Artigo 11. Causas de suspensión temporal do servizo.